



Intervención final da CIG-Ensino

Incidencias nas oposicións

Desde a CIG-Ensino queremos trasladar que a administración ten que informar de forma correcta ás presidencias dos tribunais, que recordamos son escollidas a dedo pola administración. Non pode ser que desde diversos tribunais se informe ao persoal consolidado da obriga de ter que seguir no proceso até que suspendan para poder continuar en listas. Tamén queremos chamar a atención de queixas sobre as probas prácticas, tanto na redacción das preguntas como de incidencias co material ou duración das probas en especialidades como Música de mestres, Educación Infantil, Estética, Carpintaría e móbel, Debuxo... No caso de Música, por exemplo, non se puido empregar regra nin lápis para debuxar os compases por primeira vez na historia e na defensa da unidade didáctica está prohibido empregar composicións musicais que veña en dispositivos electrónicos, como pode ser un pen drive. Dixéronlles que levaron un radio casete. Hai fórmulas de control suficientes para evitar conexión co exterior e a administración educativa está lanzando mensaxes contraditorias ao persoal docente, primeiro esixindo niveis de competencia dixital e despois limitando o uso de recursos deste tipo. En case todas as oposicións noutras administracións hai probas de ofimática por exemplo e non pasa nada. A Consellaría ten que ser coherente neste tema. Pola súa banda, o persoal opositor de Estética quéixase por ser practicamente o único, xunto co de Peiteado, que ten que aportar material propio de gran valor económico. Segundo o cálculo dalgunhas persoas arredor de 3000 euros de media, o que supón unha

discriminación entre quen pode acceder a este material, que pode marcar a diferenza de resultado nunha proba, e quen non.

Con respecto ao uso dos **detectores de dispositivos electrónicos**, é preciso que a Consellaría de cara á vindeira convocatoria estableza un protocolo de actuación claro ante a activación destes dispositivos, de forma que os tribunais saiban que facer nese momento e que o persoal opositor poida estar acompañado durante o rexistro para non sentirse indefenso. Temos casos de tribunais que avisan e ameazan con sancionar a persoal opositor por uso de dispositivos no primeiro exame cando xa están no segundo exame co cal a indefensión do persoal é completa.

O que está claro é que non se pode tomar ningunha medida drástica sen que haxa probas contundentes de que se empregaron estes dispositivos para copiar e semella que este ano deron erros que puideron ter consecuencias importantes sobre a continuidade nas listas do persoal opositor.

E non podemos rematar sen repetir que o de **pechar o acceso público aos chamamentos e listaxes** fai que persoal opositor non se entere dos chamamentos e quede fóra do proceso. Lembramos tamén que se pediu nesta Mesa que as persoas que ostentamos a representación sindical do persoal docente poidamos ter acceso a esta información para fiscalizar o que se publica e que se nos dixo que se estudaría sen que houbera ningún cambio na convocatoria deste ano.

Incidencias na participación no CADP

A CIG-Ensino recibiu queixas de persoal docente que está atopando dificultades para tramitar correctamente a súa solicitude, nun procedemento que, cómpre lembrar, resulta obrigatorio para unha parte moi importante do profesorado e que ten consecuencias directas na súa vida laboral e persoal. Entre as incidencias trasladadas e confirmadas polo sindicato figuran: persoal ao que a aplicación lle permitiu abrir erroneamente máis dunha instancia e que posteriormente non era quen de pechalas; persoas ás que o sistema non lles permite eliminar provincias previamente seleccionadas cando recupera unha instancia de anos anteriores; ou participantes que non poden abrir unha instancia nova baleira xa que só se lles permite recuperar a instancia de anos anteriores.

Desde a CIG-Ensino consideramos que a responsabilidade de garantir o correcto funcionamento da ferramenta é da Administración, e en ningún caso poden recaer sobre o persoal docente as consecuencias derivadas de erros técnicos, bloqueos ou limitacións da propia aplicación.

Condicións climáticas nos centros

A CIG-Ensino traslada a súa preocupación polas condicións nas que se está a desenvolver a actividade nos centros educativos nos meses finais de curso, especialmente nun contexto no que as vagas de calor son cada vez máis frecuentes, máis temperás, máis intensas e de maior duración.

Hai apenas un par de semanas, a CIG-Ensino denunciaba a situación pésima na que se atopan algúns centros educativos, con deficiencias estruturais que afectan directamente ás condicións nas que se imparte docencia. Esta realidade agrávase de maneira evidente co actual contexto climatolóxico, porque moitos edificios non están preparados para soportar altas temperaturas.

Estamos falando de aulas mal illadas, espazos sen ventilación axeitada, zonas sen sombra, talleres e laboratorios con condicións térmicas moi deficientes e centros nos que, cando chega a calor, resulta moi difícil garantir unha actividade educativa normal, segura e digna.

Cómpre ter en conta, ademais, que nos centros educativos hai colectivos especialmente vulnerábeis fronte ás altas temperaturas. Referímonos ao alumnado de menor idade, mais tamén ás persoas adultas e de maior idade matriculadas en centros de réxime especial ou en ensinanzas de Formación Profesional. Polo tanto, non estamos diante dunha cuestión de simple incomodidade, senón dun problema de saúde, de prevención de riscos e de seguridade.

Nos últimos anos a Administración ten establecido protocolos e alertas ante situacións de mal tempo, mais cómpre empezar a asumir que tamén hai que actuar ante situacións de calor extrema. As altas temperaturas tamén deben obrigar a adoptar medidas organizativas e preventivas: adaptación de espazos, revisión de horarios cando sexa necesario, mellora da ventilación, creación de zonas de sombra, avaliación das condicións térmicas e investimentos reais nos centros.

Esta situación tamén se está a trasladar ás oposicións. A CIG-Ensino recibiu xa varias incidencias relacionadas coa temperatura durante o desenvolvemento das probas, con casos de aulas en Ourense que superaron os 40 graos ou tribunais que tiveron que flexibilizar o uso de EPIs debido ás condicións climáticas. Non é aceptábel que aspirantes, tribunais e persoal colaborador teñan que realizar probas selectivas nestas condicións.

Por todo isto, a CIG-Ensino solicita que a Consellaría aborde esta problemática de maneira inmediata e planificada. Non pode tratarse como unha situación puntual nin excepcional, porque todo indica que esta situación nos vindeiros anos será cada vez máis habitual.

Prazas convenio, asesorías e CAFI/CFR

En que situación está ese traballo que en anteriores mesas se nos dixo que estabades realizando para ver que prazas convocabades e cales non? Hai prazas que levan máis de dous anos cubríndose sen saír a comisión.

Pregúntannos concretamente por unha praza da Escola De Especialidades Antonio Escaño de Ferrol, de sistemas electrónicos que está cuberta por unha comisión de saúde, ídela sacar en convenio ou seguirá no CADP?

Volvemos facer a petición de ter información de todas as prazas que están neste momento nomeadas.

A administración confirma que non vai haber concurso para estas prazas este ano.

Análise da calidade das augas

Temos centros que nos comunican que a Consellaría ou o Concello xa non se fan cargo da analíticas necesarias da auga do centro, o cal supón un gasto extra que os centros teñen dificultade para asumir, tendo en conta que os prezos son elevados e que o control ten que repetirse periodicamente. Solicitamos que este gasto así como a súa xestión o asuma a Consellaría.

Saídas dun día a Portugal

Existe moita dificultade para conseguir a autorización para este tipo de saídas para alumnado de fóra do espazo Schengen. Son moi habituais en centros próximos a Portugal onde existe estreita colaboración en moitos casos. Solicitamos da Consellaría que busque unha solución para que estas crianzas poidan participar das saídas.

A CIG-Ensino denuncia o agravamento na deriva autoritaria da Consellaría de Educación

Limitar a unha charla ou obradoiro semanal por grupo no centro ou a tres as saídas por trimestre opónse radicalmente á autonomía pedagóxica dos centros e manifesta a desconfianza da

administración educativa na profesionalidade do persoal docente.

A normativa, ROCs e ordes que os desenvolven, avalan a autonomía dos centros para organizar actividades complementarias. As instrucións recén publicadas recollen afirmacións como: “A Inspección educativa velará pola adecuación pedagóxica e organizativa destas actividades complementarias.” Ou “Os centros deberán seleccionar aquelas propostas que contribúan de maneira efectiva ao desenvolvemento curricular e competencial do alumnado, evitando a participación indiscriminada nas actividades propostas por entidades externas.” Esta potestade censora que se lle atribuíu ás inspeccións no presente curso e que continuará no curso que vén, pon de manifesto o escaso coñecemento da realidade dos centros e a intención de impoñer un modelo educativo no que se despreza o valor pedagóxico das actividades complementarias.

O profesorado é coñecedor da normativa e programa garantindo que as actividades propostas se adecúen ao currículo e ás competencias e que, ademais, como recolle a LOMLOE, lei educativa actual, “favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación”.

A CIG-Ensino xa denunciou hai un ano que se xustificase o concepto da “neutralidade ideolóxica” coa LODE, Lei orgánica 8/1985, que indica no seu artigo 17 que todos os centros públicos desenvolverán as súas actividades con suxeición aos principios constitucionais, garantía de neutralidade ideolóxica e respecto das opcións relixiosas e morais. Para o curso próximo engádense un novo apartado para a programación das actividades extraacadémicas propostas por concellos, deputacións e outras entidades, entre as que se inclúen tamén

organizacións sindicais, como o Correlingua que organiza cada ano a CIG-Ensino:

- Deben ter unha xustificación pedagóxica clara.
- Deben estar vinculadas ao currículo e ás programacións didácticas.
- Non procede participar en actividades sen suficiente valor educativo.
- Debe evitarse a participación indiscriminada en ofertas externas.

Ademais incídese en que as actividades deben gardar relación directa cos obxectivos, competencias e contidos das áreas, materias ou ámbitos e que aquelas sobrevidas, é dicir que non estaban planificadas na Programación Xeral Anual, se realizarán de forma moi excepcional e deben estar xustificadas por criterios de

motivación e coherencia curricular e coa programación didáctica.

A CIG-Ensino non consentirá ningunha intervención política por parte da Consellaría e apoiará aos centros e ao profesorado diante de calquera intento de laminar a función docente.

Curso sobre riscos e emerxencias nos centros

De forma automática o profesorado de diversos centros educativos foi matriculado nunha formación sobre emerxencias de Protección Civil en centros educativos, non entramos na súa necesidade, pero si na falta de información sobre o citado curso e a súa obrigatoriedade.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal